



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 12 DE AGOSTO DE 2026 POLA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NA LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA O PROCESO DE SELECCIÓN E PROVISIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 37 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Primeiro.- Con data do 22.07.2026, aprobouse a Resolución da Presidencia do Consorcio pola que se publicaban as listas definitivas de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo de referencia dándose publicidade da mesma no BOP de Lugo núm. 172 de 30.07.2026.

Segundo.- Con posterioridade á dita publicación, detectouse a existencia de erros materiais e de feito manifestos na listaxe de persoas admitidas/excluídas. Concretamente, a duplicidade dunha inscrición, a denominación errónea do cargo dun dos membros do Tribunal, a transcripción errónea dos nomes dalgún dos aspirantes, a exclusión dun dos aspirantes cando este tiña presentado a documentación de emenda correctamente en prazo e a non inclusión dun aspirante na relación dos obrigados a realizar a proba de galego.

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Polo anteriormente exposto, en uso das facultades que me confire o artigo 14 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, RESOLVO:

Primeira.- Estimar de oficio a documentación presentada en prazo polo seguinte aspirante, procedendo á súa alta automática na listaxe definitiva de aspirantes admitidos e á súa retirada da listaxe de excluídos.

- Gutiérrez Cosío, Guillermo con DNI ***7615**.

Segunda.- Corrixir os erros na transcripción de identidades detectados na listaxe de aspirantes admitidos no relativo aos seguintes opositores:

ONDE DI (Incorrecto)	DEBE DICIR (Correcto)	DNI
Ferreiro Seguin, Fernando	Ferreiro Seguin, Javier	***4199**
Olivieira de Alba, Joao Manuel	Oliveira de Alba, Joao Manuel	***3057**

Terceira.- Incluir na listaxe de "Aspirantes obrigados a realizar a proba de galego" ao non constar no expediente a acreditación do título Celga ou equivalente ao seguinte aspirante:

- Parada Fernández, Isidro con DNI ***8183**.

Cuarta.- Dar de baixa por duplicidade na listaxe de admitidos á segunda entrada correspondente ao aspirante

- López García, Diego con DNI ***4394**(número de orde na publicación 167).

Quinta.- Corrixir o erro no nomeamento da praza dun dos membros do Tribunal Cualificador no seguinte senso:

- Onde di: dona María Elena Torrón Carricoba, Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.
- Debe dicir: dona María Elena Torrón Carricoba, Economista do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.

Sexta.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Consorcio así como na web corporativa do mesmo.

Lugo, 12 de agosto de 2026.- O secretario interventor, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2241

CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 31/07/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalacións de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a xullo 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalacións de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a xullo do 2026 terá lugar neste municipio dende o día 1 de agosto de 2026 ata o día 30 de setembro de 2026.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 5 de agosto de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 2234

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 07/08/2026 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xullo 2026.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xullo do 2026 terá lugar neste municipio dende o día 10 de agosto de 2026 ata o día 9 de outubro de 2026.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 10 de agosto de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 2235

LUGO

Anuncio

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 1/311 **DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 1 PRAZA DE TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023)**, en cuxa parte dispositiva se fai constar:

“Designar os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023), do seguinte xeito:

Presidente:

- D. Pablo Portela Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Lugo

Suplente: Don Luis Ramón Vázquez Parga, interventor do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona Natalia Framil Rego, xefa de Servizo do Órgano de Xestión Económico Financeiro do Concello de Lugo.

Suplente: Dona María Aránzazu Sastre Carracedo, tesoureira do Concello de Lugo.

- Dona Lara Otero Díaz, secretaria xeral do Concello de Bueu

Suplente: Dona María Jesús López Vázquez, xefa do Servizo de Fomento do Concello de Lugo.

- Don Rafael del Barrio Berbel, secretario xeral do Concello de Culleredo.

Suplente: Dona Ivón Carrodegua Rodríguez, técnica de administración xeral do Concello de Lugo

Secretario/a:

- Dona Ana María Rivas García, órgano de apoio á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo.

Suplente: Don Juan Ignacio Márquez Gacio, xefe do servizo de Licenzas do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 5 de agosto de 2026.- A Excm. Sra. alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.

R. 2236

Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2026, acordou aprobar o expediente APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE DO EXMO. CONCELLO DE LUGO.

Os citados acordos iniciais estarán expostos ao público durante o prazo de trinta días mediante Edicto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e o expediente administrativo poderá ser examinado na dependencias de Prevención de Riscos Laborais (Ronda da Muralla 197, 3º andar) e no portal de transparencia da devandita entidade, para que durante o mesmo prazo os/as interesados/as poidan presentar as suxestións e reclamacións que estimen oportunas. A dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da publicación referida; entendéndose coma definitivos os acordos provisionais, de non se presentaren suxestións ou reclamacións a aqueles durante o dito período.

O presente anuncio publicarase para os efectos previstos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

Lugo, 12 de agosto de 2026.- O secretario xeral do Pleno, Pablo Portela Fernández. A Excm. alcaldesa presidenta, María Elena Candia López.

R. 2237

MEIRA*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE MEIRA DO EXERCICIO 2025**

En cumprimento do disposto no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada o día 13 de agosto de 2026, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2025, por un prazo de quince (15) días, a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os que teñan a condición de interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen convenientes.

Meira, 13 de agosto de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2238

*Anuncio***MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE MEIRA**

O Pleno do Concello de Meira aprobou inicialmente en data 13 de agosto de 2026 a modificación do cadro de persoal que vai no Orzamento do ano 2026.

Considerando o disposto no art. 169 da Lei das facendas locais publícase o acordo mediante anuncio no BOP de Lugo por un prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do mesmo aos efectos do exame e a presentación de alegacións e/ou reclamacións.

De non formularse alegacións no devandito prazo, entenderase elevado automaticamente a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Meira, 13 de agosto de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2239

A PONTENOVA*Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE XULLO 2026.**

Por Resolución de alcaldía do 12 de agosto de 2026, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 11 de setembro de 2026 ao 11 de novembro 2026**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde en

A Pontenova, 13 de agosto de 2026.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2240

PORTOMARÍN*Anuncio***Corrección de erros**

No BOP de Lugo n.º 184, do 13 de agosto de 2026, páxina 10, publicouse anuncio de aprobación definitiva do Orzamento para o exercicio 2026.

Detectado un erro material procédese á súa corrección.

Publicado:

Estado de Gastos. Capítulo 6. Inversións reais..... **60.245,65**

Debe dicir:

Estado de Gastos. Capítulo 6. Inversións reais..... **560.245,65**

O que se fai público aos oportunos efectos legais.

Portomarín, 17 de agosto de 2026.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2257

SARRIA*Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL. EXPTE.: 2116/2026.**

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 30/07/2026, acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Expedición de Documentos Administrativos.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, considerárase que o acordo é definitivo, todo elo en base ao disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O acordo de aprobación provisional co contido da modificación proposta estará ademais a disposición dos interesados no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal, no seguinte enderezo:<https://sarria.sedelectronica.es/transparency/5c24c97b-566d-4fe8-9556-148c188070de/>

Sarria, 12 de agosto de 2026.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2258